

# **CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA**

## **Ano 2009**

---

Febreiro 2010

# **ENQUISA DE OCUPACIÓN HOTELEIRA**

---

Amósanse a continuación as primeiras valoracións dos resultados da Enquisa de Ocupación Hoteleira do INE para Galicia correspondentes ao conxunto do ano 2009. De forma complementaria coméntanse tamén aqueles referidos ao mes de decembro. Os datos son provisionais, á espera de que nos vindeiros meses se publiquen os definitivos cun maior nivel de desagregación.

**ANO 2009**
*Tab 1. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e grao de ocupación en estab. hoteleiros*


		ESPAÑA		GALICIA	
		Nº	Var. Int.	Nº	Var. Int.
<b>VIAXEIROS</b>	Decembro 09	4.435.322	2,15%	179.936	3,63%
	<b>Ano 2009</b>	<b>77.640.073</b>	<b>-6,63%</b>	<b>3.398.517</b>	<b>-3,80%</b>
<b>PERNOITAS</b>	Decembro 09	12.062.417	0,04%	362.081	-0,73%
	<b>Ano 2009</b>	<b>251.904.459</b>	<b>-6,58%</b>	<b>7.443.540</b>	<b>-4,45%</b>
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	Decembro 09	2,72	-2,07%	2,01	-4,29%
	<b>Ano 2009</b>	<b>3,24</b>	<b>0,05%</b>	<b>2,19</b>	<b>-0,68%</b>
<b>% OCUPACIÓN</b>	Decembro 09	36,39%	-0,09	21,07%	-0,66
	<b>Ano 2009</b>	<b>49,52%</b>	<b>-3,98</b>	<b>32,37%</b>	<b>-2,44</b>

Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Ao longo do ano 2009 Galicia rexistrou un total de 3.398.517 viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros, un 3,8% menos que no ano anterior. O dato global é o máis baixo dos últimos seis anos, circunstancia que se debe en grande medida ao contexto actual de crise económica xeral e, en consecuencia, de crise no sector turístico.
- A pesar deste dato negativo, en termos relativos este descenso sitúase por debaixo da media nacional, pois no conxunto do Estado a cifra de viaxeiros caeu un -6,6%, e tamén por debaixo da taxa de variación rexistrada no ano 2008 que foi do -5,5%.
- No conxunto do territorio estatal, Galicia representa a oitava comunidade autónoma en peso por volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros, e a primeira dentro do conxunto da España Verde. En porcentaxe de variación respecto do pasado ano, sen embargo, soamente supera a Asturias (que tivo un descenso do -6,2%). Cantabria experimentou un incremento do 2,7% (xunto con Extremadura son as dúas comunidades que presentan valores positivos en termos interanuais) e o País Vasco unha caída do -2,0%.
- O descenso no volume de viaxeiros prodúcese tanto no ámbito do segmento nacional como no estranxeiro, sen ben en porcentaxes distintas. En particular, o mercado español cae un 3,1% mentres que o estranxeiro faino nun 6,8%, seguindo ambos a tendencia marcada no ano anterior.

- Dentro do mercado propiamente nacional, o segmento que maior presenza ten na nosa comunidade son os galegos. En particular, o mercado interno representa un 39% do total de viaxeiros españois aloxados en establecementos hoteleiros da comunidade (son, en total, 1.061.875 viaxeiros). Logo dos galegos, os mercados de maior peso en Galicia son, por esta orde, Madrid (que representa o 17% do turismo estatal), Castela e León (co 7,6%) e Cataluña (co 7,1%).

Fig 1. Taxa de variación interanual dos viaxeiros. Ano 2009



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- O 38% dos viaxeiros viñeron no verán, concretamente nos meses de xullo, agosto e setembro, períodos de maior afluencia turística na nosa comunidade. Estes dous últimos meses, xunto con outubro e decembro, son os únicos onde se rexistran taxas de variación positivas en relación ao acontecido nos mesmos períodos do pasado ano 2008. Nos restantes meses as variacións son sempre negativas, especialmente elevadas no primeiro trimestre do ano.
- A provincia de A Coruña é a única na que se rexistra un incremento no volume de viaxeiros respecto do pasado ano 2008. A subida foi do 0,8%, porcentaxe que acada o 1,67% no caso do segmento nacional, rompendo dalgunha maneira a dinámica xeral de toda a comunidade. As restantes provincias experimentaron sendas caídas, con porcentaxes que varían sensiblemente do -4,34% en Lugo ao -7,6% en Pontevedra e -10,9% en Ourense.
- A análise por xeodestinos e puntos turísticos da comunidade xa amosa certas diferenzas importantes. En particular, e como excepción á tónica xeral, a Costa da Morte (cun incremento do 6,4%) e a Mariña Lucense (co 0,2%) son os dous territorios onde se observa, de forma provisional, un crecemento do volume de viaxeiros respecto do ano 2008, centrado especialmente no segmento nacional.
- Por Puntos Turísticos observamos que a cidade de Santiago (cun incremento do 4,6%) e as vilas de Ribadeo (co 8,9%) e Sanxenxo (co 5,6%) son os únicos destinos de Galicia onde se observan incrementos no volume de viaxeiros. Son, ademais, variacións positivas que se


observan tanto para o mercado nacional como para o estranxeiro, rompendo claramente a dinámica global do conxunto da comunidade.

- En relación coas pernoitas en establecementos hoteleiros acontece algo similar. Galicia rexistrou o pasado ano 2009 un total de 7.443.540 pernoitas, un 4,5% menos que no ano 2008. Esta porcentaxe negativa supera ás rexistradas nos anos 2005 (que fóra do -3,5%) e 2008 (de -2,9%), únicos de toda a década con caídas nas pernoitas. O dato global é tamén o máis baixo dos últimos seis anos.
- A pesar do mal dato, o descenso das pernoitas en Galicia continúa estando por debaixo da media nacional (que rexistrou unha caída do -6,6%). Nese contexto a nosa comunidade sitúase en sétimo lugar por volume de pernoitas con tan só o 3% do total contabilizado para España (só as comunidades do mediterráneo e as Illas Baleares e Canarias aglutinan o 80% do total).
- Por volume de pernoitas Galicia supera ao resto de comunidades da España Verde mais en termos comparativos sitúase tan só por encima de Asturias. Curiosamente as outras dúas (Cantabria e País Vasco) son as únicas que no contexto nacional conseguen incrementar o volume de pernoitas hoteleiras respecto de 2008.
- O descenso global das pernoitas en Galicia obsérvase tamén para cada un dos segmentos de demanda analizados. En concreto, tanto o mercado nacional como o estranxeiro experimentan descensos (do -3,3% no primeiro caso e do -10,0% no segundo). O primeiro supón o 84% do total mentres que o turismo internacional representa, dentro do sector hoteleiro, o 16%.
- Neste caso o descenso global das pernoitas proxéctase a cada unha das provincias galegas. En todas se observan taxas de variación negativas, menores no caso de A Coruña (co -2,1%) e maiores no caso de Ourense (co -9,0%). En cambio, a nivel de xeodestinos obsérvanse certas excepcións. En particular, e do mesmo xeito que acontecía no caso dos viaxeiros, son as comarcas de A Mariña Lucense e a Costa da Morte as únicas que rexistran un aumento das pernoitas hoteleiras respecto de 2008.
- Por puntos turísticos novamente a cidade de Santiago e as vilas de Ribadeo e Sanxenxo conseguen manter o nivel de pernoitas hoteleiras por encima da media do ano 2008, con incrementos moi importantes nos dous primeiros (do 6,3% e 13,5%, respectivamente).
- Novamente son os meses de xullo, agosto e setembro os que concentran o maior volume de pernoitas do ano (cun 41% do total), sendo estes dous últimos, xunto con outubro e, neste caso, o mes de abril (pola coincidencia da Semana Santa) os que rexistran taxas de variación positivas respecto dos mesmos períodos de 2008.
- Por tipoloxía de establecemento obsérvase que a caída nas pernoitas dáse tanto nos hoteis (que rexistran un total de 5.761.683 pernoitas, un 4,2% menos que en 2008) como nas pensións (nas que se contabilizan 1.681.857 pernoitas, un 5,2% menos).
- Este descenso global tamén se observa para cada unha das categorías de aloxamento (maior no caso dos hoteis de categoría baixa e menor no caso das pensións dunha estrela), agás nos

hoteis de catro e cinco estrelas que neste ano 2009 conseguiron incrementar lixeiramente o volume de pernoitas nun 1,2%. Máis que a porcentaxe cabe resaltar a diferenza de comportamento respecto da tónica xeral do sector.

- A estadía media nos establecementos hoteleiros de Galicia sitúase, no ano 2009, en 2,19 noites, cifra que cae un 0,7% respecto do valor rexistrado en 2008 pero que segue estando por encima dos correspondentes a anos anteriores. En termos globais, por tanto, a estadía media mantense en cifras similares ás do pasado ano se ben en cada un dos meses obsérvanse caídas case continuadas desde abril e acentuadas principalmente no último tramo do ano.
- A estadía media en Galicia sitúase loxicamente por debaixo da media nacional (que foi de 3,24 noites) e que neste ano subiu unha décima respecto do anterior.

Fig 2. Taxa de variación interanual da estadía media. Ano 2009




Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Salvo en abril (que coincide coa Semana Santa), a estadía media nos establecementos hoteleiros de Galicia cae en termos interanuais en todos os meses do ano, en porcentaxes cada vez máis elevados a partir do período estival.
- Tal como acontece noutros períodos, a estadía media do viaxeiro nacional supera á do estranxeiro. En particular, para este ano 2009 a cifra do primeiro sitúase en 2,26 noites mentres que a do segundo alcanza só 1,89 noites.
- Por provincias, Pontevedra presenta a estadía media en establecementos hoteleiros máis elevada de Galicia (2,6 noites en 2009), superando a A Coruña (2,13 noites). No lado contrario Lugo rexistra o valor máis baixo, con 1,63 noites. En Coruña e Lugo cae lixeiramente a estadía media mentres que en Ourense e Pontevedra sobe en porcentaxes moi baixas.
- Por tipoloxía e categoría do establecemento obsérvase que a estadía media é máis elevada nas pensións que nos hoteis, e dentro destes últimos é superior naqueles segmentos de

categoría baixa. En cambio, nos hoteis de catro e cinco estrelas rexístrase a estadía media máis baixa da oferta hoteleira mais é o único segmento que conseguiu incrementar este valor en 2009 respecto do ano anterior.

- Por zonas e puntos turísticos obsérvase que a estadía media máis elevada localízase nas zonas costeiras de Galicia, destacando esencialmente as Rías Baixas (Sanxenxo e O Grove superan as tres noites de media) e a zona de Ferrol-Ortegal (con 2,6 noites de media).
- O grao de ocupación hoteleira en Galicia sitúase no ano 2009 no 32,37%, cifra que cae 2,4 puntos porcentuais respecto do valor de 2008. A forte caída experimentada nestes últimos dous anos (no anterior o descenso situouse tamén en algo máis de dous puntos porcentuais) fixa o nivel de ocupación do ano 2009 no máis baixo da década.


Fig 3. Taxa de ocupación hoteleira en Galicia. Período 2000-09



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- No conxunto de España a cifra de ocupación hoteleira durante o 2009 foi do 49,52%, porcentaxe que cae catro puntos porcentuais respecto do valor de 2008 (maior que a rexistrada para Galicia).
- O descenso na cifra de ocupación hoteleira é unha constante durante o ano 2009, isto é, en todos os meses do ano se observan caídas en termos interanuais respecto dos valores rexistrados no mesmo período de 2008. Os descensos son máis acusados no primeiro semestre do ano e máis suaves no segundo.

Fig 4. Taxa de variación interanual da ocupación hoteleira. Ano 2009



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- O mes que tivo un mellor comportamento foi Agosto, no que a cifra de ocupación alcanza o nivel máis alto do ano (56,21%) manténdose ademais case nos mesmo termos que en agosto de 2008.
- Os maiores niveis de ocupación rexístranse nas provincias de A Coruña e Pontevedra, co 35,4% e 34,3%, respectivamente. En todas se observan caídas respecto dos valores observados en 2008, maiores no caso de Ourense (-3,22 puntos porcentuais) e menores en A Coruña (-1,86 puntos porcentuais).
- Os puntos turísticos que maior nivel de ocupación durante o 2009 son Sanxenxo (cun nivel medio do 45,84%) e Santiago (co 45,19%).

Tab 2. Variación Interanual do Índice de Prezos Hoteleiros e Índice de Ingresos Hoteleiros

		ESPAÑA		GALICIA	
		Var. Int. 09	Dif. 08	Var. Int. 09	Dif. 08
<b>ÍNDICE PREZOS HOTELEIROS (IPH)</b>	Decembro 09	-5,2%	-2,5	-0,8%	+0,7
	<b>Ano 2009</b>	<b>-5,6%</b>	-	<b>-2,1%</b>	-
<b>ÍNDICE INGRESOS HOTELEIROS (IIH)</b>	Decembro 09	-4,8%	-3,2	-1,3%	+0,7
	<b>Ano 2009</b>	<b>-4,4%</b>	-	<b>-0,4%</b>	-

Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Os prezos hoteleiros caeron en Galicia un 2,1% durante o ano 2009, porcentaxe que novamente se sitúa por debaixo da media nacional (no conxunto de España os prezos descenden en máis do 5%).
- No mes de decembro xa se observan diferenzas significativas entre o que acontece no global de España (onde os prezos caen un 5,2%) e en Galicia (cun descenso do 0,8%).



- Os ingresos hoteleiros experimentaron, en termos xerais, un comportamento similar. En Galicia caen non en grande medida (un 0,4% no conxunto do ano) se ben no conxunto de España o descenso é bastante máis acusado (do 4,4%). Para o mes de decembro tamén se observan sendas caídas, menores no caso galego.

### **DECEMBRO - 2009**

- En decembro do pasado ano 2009 a conxuntura turística de Galicia rexistrou cifras positivas no volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros, cun incremento do 3,6% interanual respecto de decembro de 2008, en paralelo a unha caída leve nas pernoitas (de tan só o 0,8%).
- A análise por lugares de procedencia amosa un comportamento positivo do turismo nacional (cun incremento do 4,9% nos viaxeiros e do 1,4% nas pernoitas) en contraposición ao descenso do turismo estranxeiro (que cae un 4,2% nos viaxeiros e un 13,1% nas pernoitas).
- A estadía media situouse en 2,01 noites, o valor máis baixo do ano e que supón un descenso do 4% respecto de decembro de 2008.
- En canto ao grao de ocupación hoteleira, a cifra estimada para decembro sitúase no 21,1%, porcentaxe que cae levemente respecto do ano anterior (concretamente -0,66 puntos porcentuais) e que ademais se sitúa como a segunda máis baixa de todas as comunidades autónomas (só por diante de Asturias).

**ENQUISA DE OCUPACIÓN EN APARTAMENTOS  
TURÍSTICOS**

---

Amósanse a continuación as primeiras valoracións dos resultados da Enquisa de Ocupación en Apartamentos Turísticos do INE para Galicia correspondentes ao conxunto do ano 2009. De forma complementaria coméntanse tamén aqueles referidos ao mes de decembro. Os datos son provisionais, á espera de que nos vindeiros meses se publiquen os definitivos cun maior nivel de desagregación.

**ANO 2009**
*Tab 1. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e grao de ocupación en apartamentos turísticos*


		ESPAÑA		GALICIA	
		Nº	Var. Int.	Nº	Var. Int.
<b>VIAXEIROS</b>	Decembro 09	469.048	0,67%	2.774	11,67%
	<b>Ano 2009</b>	<b>7.635.063</b>	<b>-7,70%</b>	<b>48.011</b>	<b>10,53%</b>
<b>PERNOITAS</b>	Decembro 09	3.511.333	-7,94%	8.623	5,35%
	<b>Ano 2009</b>	<b>58.929.029</b>	<b>-13,78%</b>	<b>213.497</b>	<b>5,86%</b>
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	Decembro 09	7,49	-8,55%	3,11	-5,47%
	<b>Ano 2009</b>	<b>7,72</b>	<b>-6,59%</b>	<b>4,45</b>	<b>-4,22%</b>
<b>% OCUPACIÓN</b>	Decembro 09	30,0%	-5,1	12,3%	-1,5
	<b>Ano 2009</b>	<b>36,2%</b>	<b>-5,6</b>	<b>22,7%</b>	<b>-1,1</b>

Fonte: Enquisa de Ocupación en Apartamentos Turísticos (INE)

- Galicia rexistrou o pasado ano 2009 un total de 48.011 viaxeiros aloxados en apartamentos turísticos da comunidade, cifra que supón tan só o 0,6% do total de España. O peso, por tanto, de Galicia neste segmento da oferta de aloxamento é moi reducido. En calquera caso, o volume total de viaxeiros é o máis elevado de toda a década, período no que se rexistraron sempre incrementos interanuais positivos, salvo en 2003, e que nalgúns anos (2005 e 2006) superaron o 20% de crecemento.
- O volume global de 2009 representa un incremento do 10,5% respecto do total de viaxeiros rexistrado no ano anterior, incremento que contrasta co observado para o conxunto de España onde o volume de viaxeiros caeu nunha porcentaxe importante, concretamente do 7,7%. A porcentaxe de incremento interanual de Galicia é a quinta mellor de todas as comunidades autónomas de España.
- A metade dos viaxeiros viñeron nos meses de maior afluencia turística, concretamente en xullo, agosto e setembro. A outra metade repártese de forma bastante equilibrada nos restantes meses do ano, destacando en calquera caso o leve pico de abril (coincidindo coa Semana Santa).

- O 87,3% dos viaxeiros son españois mentres que a porcentaxe restante conforma o turismo estranxeiro. O comportamento conxuntural de ambos mercados difire notablemente neste ano 2009 pois mentres o turismo nacional medrou un 15% en termos interanuais o segmento internacional diminuíu nun 13% en relación a 2008.
- O volume de viaxeiros anterior xerou en Galicia un total de 213.497 pernoitas nos apartamentos turísticos, cifra que supón un incremento do 5,9% respecto do rexistrado no pasado ano 2008. Este incremento porcentual contrasta novamente co observado para o conxunto do estado onde o volume total de pernoitas caeu nun 13,8% (descenso que se produce ademais de forma continuada en todos os meses do ano).
- A pesar desta diferenza de comportamento, o volume total de pernoitas de Galicia representa tan só o 0,4% do conxunto de España (só Canarias rexistra a metade do total nacional, e xunto con Baleares e o mediterráneo peninsular representan o 95% das pernoitas no conxunto do estado).
- A cifra de pernoitas en apartamentos turísticos de Galicia no ano 2009 é a máis elevada de toda a década, período no que se rexistra un crecemento continuado desde 2004 (salvo en 2006 que se mantén en niveis case equivalentes aos do ano anterior).

Fig 1. Pernoitas nos apartamentos turísticos. Período 2000-09




Fonte: Enquisa de Ocupación en Apartamentos Turísticos (INE)

- O 60% das pernoitas rexístranse no período estival, sendo agosto o mes de maior afluencia turística (cun total de 63.027, o 30% do global do ano). Ao longo de 2009 as pernoitas experimentaron un comportamento un tanto dispar, con crecementos nos meses centrais do ano (forte no mes de abril) e caídas en temporada baixa (principalmente no primeiro trimestre).
- O peso de cada un dos mercados turísticos difire notablemente pois o turismo nacional representa un 86% do total das pernoitas mentres que o estranxeiro tan só o 16%. Ambos

segmentos difiren tamén no comportamento experimentado en 2009 pois mentres o primeiro incrementou a súa presenza nun 9,8% (no conxunto de España diminuíu un 6,7%) o segundo caeu un 12,8% (en España fíxoo nun 16%).

- A estadia media nos apartamentos turísticos de Galicia durante o 2009 foi de 4,45 noites, cifra que cae nun 4,2% respecto do observado en 2008. No conxunto de España a estadia media é lóxicamente superior, acadando a cifra de 7,72 noites (valor que tamén cae nunha porcentaxe próxima ao 7%).
- A estadia media rexistrada en 2009 é a máis baixa de toda a década, circunstancia curiosa nun ano no que se marcan as cifras máis elevadas tanto de viaxeiros como de pernoitas nos apartamentos turísticos de Galicia. Por tanto, o incremento dos viaxeiros xera un incremento das pernoitas pero non da estadia media.
- Nos meses de xullo e agosto de 2009 rexístranse os valores máis elevados da estadia media (concretamente 5,7 e 6,6 noites). O comportamento da variable é bastante inestable, con descenso interanuais na maior parte dos meses do ano (acusados principalmente en setembro e outubro).
- A diferenza do que acontece noutras tipoloxías de aloxamento turístico, a estadia media do viaxeiro estranxeiro é, no caso dos apartamentos turísticos, superior á estadia media do viaxeiro nacional (a cifra do primeiro sitúase en 5,01 noites, similar á de 2008, mentres que a do segundo sitúase en 4,37 noites, valor que cae nun 4,4% respecto do pasado ano).

Fig 2. Taxa de ocupación por prazas en apartamentos turísticos de Galicia. Período 2000-09




Fonte: Enquisa de Ocupación en Apartamentos Turísticos (INE)

- O grao de ocupación por prazas nos apartamentos turísticos de Galicia foi en 2009 do 22,69%, cifra que supón un descenso de pouco máis dun punto porcentual respecto de 2008. En particular, o nivel de ocupación de 2009 é o máis baixo de toda a década, aspecto novamente curioso nun ano no que se marcan os niveis máis elevados de viaxeiros e pernoitas. Así pois, o aumento destas dúas variables non se traduciu nin nun incremento da

estadía media (en proporción soben máis os viaxeiros que as pernoitas) nin das taxas de ocupación (por un maior incremento porcentual das prazas de aloxamento en relación ás pernoitas).

- Na realidade, soamente en 2004 e 2005 se observan incrementos das cifras de ocupación. Nos restantes anos a tónica xeral é de descenso continuado, dando como resultado o valor máis baixo en 2009.
- No conxunto de España o nivel de ocupación nos apartamentos turísticos situouse no 36,2% en 2009, valor que tamén caeu pero neste caso en maior proporción (concretamente 5,6 puntos porcentuais).

Fig 3. Taxa de ocupación en apartamentos turísticos. Ano 2009



Fonte: Enquisa de Ocupación en Apartamentos Turísticos (INE)

- Como é lóxico, xullo e agosto son os meses onde se concentran as maiores taxas de ocupación nos apartamentos turísticos (con cifras do 39,5% e 58,0%, respectivamente). Nos restantes meses o nivel apenas supera o 20% no mellor dos casos. A estacionalidade deste segmento da oferta é, por tanto, clara e notoria.
- O comportamento desta variable é algo dispar ao longo do ano, con caídas xeneralizadas en todos os meses do ano agás abril (consecuencia da Semana Santa), xuño, setembro e outubro. Non responde, por tanto, a unha tendencia clara e soamente a patróns puntuais de comportamento.

## DECEMBRO - 2009

- En decembro de 2009 a nosa comunidade rexistra 2.774 viaxeiros aloxados en apartamentos turísticos que xeran un volume total de 8.623 pernoitas. Ambas variables supoñen un incremento respecto do observado en decembro de 2008, maior no caso dos viaxeiros (que medraron un 11,7%) e algo menor nas pernoitas (que subiron un 5,4%).
- O 87% das pernoitas corresponden ao turismo nacional, segmento que medrou en termos interanuais nun 18,3%. O segmento estranxeiro, en cambio, ademais de ter un peso relativo inferior rexistrou unha caída de case o 40% (porcentaxe moi elevada debido aos niveis tan baixos nos que se move a variable).
- A estadía media neste mes de decembro sitúase en 3,11 noites, cifra que cae nun 5,5% respecto do mesmo período de 2008. Mesmo comportamento tivo a variable a nivel nacional se ben a media da estadía no conxunto de España está en 7,5 noites.
- Por último, a taxa media de ocupación por prazas nos apartamentos turísticos foi do 12,3%, porcentaxe que tamén descende en relación a decembro do pasado ano (concretamente 1,5 puntos porcentuais). É a quinta porcentaxe máis baixa de toda España, situándose a media estatal no 30% neste mes.

**ENQUISA DE OCUPACIÓN EN CAMPAMENTOS  
TURÍSTICOS**

---



Amósanse a continuación as primeiras valoracións dos resultados da Enquisa de Ocupación en Campamentos Turísticos do INE para Galicia correspondentes ao conxunto do ano 2009. De forma complementaria coméntanse tamén aqueles referidos ao mes de decembro. Os datos son provisionais, á espera de que nos vindeiros meses se publiquen os definitivos cun maior nivel de desagregación.

**ANO 2009**
*Tab 1. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e grao de ocupación en campamentos turísticos*


		ESPAÑA		GALICIA	
		Nº	Var. Int.	Nº	Var. Int.
<b>VIAXEIROS</b>	Decembro 09	115.056	0,71%	226	2,26%
	<b>Ano 2009</b>	<b>6.230.311</b>	<b>-0,49%</b>	<b>219.086</b>	<b>1,36%</b>
<b>PERNOITAS</b>	Decembro 09	813.947	4,53%	466	7,87%
	<b>Ano 2009</b>	<b>30.663.647</b>	<b>-1,31%</b>	<b>852.237</b>	<b>4,02%</b>
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	Decembro 09	7,07	3,67%	2,06	5,64%
	<b>Ano 2009</b>	<b>4,92</b>	<b>-0,82%</b>	<b>3,89</b>	<b>2,62%</b>
<b>% OCUPACIÓN</b>	Decembro 09	33,2%	-1,1	10,8%	1,1
	<b>Ano 2009</b>	<b>36,6%</b>	<b>-1,2</b>	<b>21,5%</b>	<b>1,1</b>

Fonte: Enquisa de Ocupación en Campamentos Turísticos (INE)

- Galicia registrou o pasado ano 2009 un total de 219.086 viaxeiros aloxados en campamentos turísticos, o 3,5% do total de España. Este volume supón un incremento do 1,4% respecto do valor rexistrado en 2008, circunstancia que fala dun comportamento positivo do sector neste ano de crise xeneralizada. O dato anterior considérase aínda máis positivo si se compara coa media do conxunto do estado, onde o volume total de viaxeiros caeu lixeiramente en 2009 (concretamente un 0,5%).
- Este incremento en termos interanuais rompe cunha serie de tres anos consecutivos con caídas no volume de viaxeiros, importante no ano 2006 (cun descenso do -10,6%) e algo menor en 2007 e 2008 (en torno ao 3-4% cada ano). O último ano que registrou un incremento foi 2005, cunha subida do 10,3%.
- Un 78% dos viaxeiros son de procedencia nacional mentres que a porcentaxe restante son estranxeiros. Ambos mercados tiveron un comportamento dispar durante o 2009. Así, mentres o turismo español incrementou a súa presenza nos campamentos de Galicia (o volume de viaxeiros medrou un 3,4%), o turismo internacional diminuíu, concretamente un 5,3% en termos interanuais.

- O crecemento no volume de viaxeiros tradúcese neste caso nun incremento aínda superior nas pernoitas. En particular, no ano 2009 rexistráronse un total de 852.237 pernoitas en campamentos turísticos de Galicia, cifra que supón tan só o 2,8% do conxunto do Estado pero que medrou un 4% en relación ao dato de 2008. Este crecemento sitúa o valor de 2009 en cifras similares ás de 2006, logo de superar varios anos de crecemento negativo.
- A taxa de variación positiva contrasta coa observada para o conxunto do estado onde as pernoitas caeron un 1,3% no conxunto do ano. Os principais descensos localízanse nalgúns das comunidades do mediterráneo español, como Cataluña ou a C. Valenciana. Noutro extremo, as comunidades que rexistraron os maiores crecementos foron Cantabria (cunha subida do 11,7%) e Asturias (10,9%).
- O 80% das pernoitas rexístranse nos meses de xullo e agosto, circunstancia que fala da elevada estacionalidade que ten este segmento do aloxamento regrado en Galicia (só no mes de agosto contabilízanse case a metade do total de pernoitas do ano).
- O crecemento observado no conxunto de 2009 ten a súa equivalencia na maioría dos meses do ano. En particular, logo dun primeiro trimestre moi negativo, onde as pernoitas caeron en porcentaxes elevadas respecto do mesmo período de 2008, recupérase en abril a senda do crecemento con variacións interanuais positivas mais díspares segundo o mes que se trate (polo xeral, menores canto maior é o dato absoluto, isto é, con crecementos máis suaves nos meses de maior afluencia turística). Novembro é a excepción pois conxunturalmente as pernoitas caeron en relación ao valor de novembro de 2008.

Fig 1. Taxa de variación interanual das pernoitas. Ano 2009




Fonte: Enquisa de Ocupación en Campamentos Turísticos (INE)

- O 87% das pernoitas corresponden ao turismo nacional mentres que o 13% restante son de estranxeiros. Acentúase, por tanto, a diferenza de peso dun e doutro mercado en relación ás porcentaxes dadas para viaxeiros, aspecto este que tal como se verá posteriormente ten

como consecuencia unha maior estadía media do viaxeiro de procedencia estatal en relación ao estranxeiro. Ambos mercados amosan tamén un comportamento dispar en 2009 pois mentres as pernoitas dos españois medraron un 5,6% as de estranxeiros caeron nunha porcentaxe similar, concretamente un 5,2% (comportamento que ademais obsérvase para case todos os meses do ano).

- A estadía media nos cámpings de Galicia foi durante o ano 2009 de 3,89 noites, valor que supón un incremento leve do 2,6% respecto de 2008. É a cifra máis elevada dos últimos seis anos pois hai que remontarse ao 2003 para atopar un valor superior. No conxunto do estado a estadía media foi de case 5 noites (chegando a valores que superan as nove noites en comunidades como Murcia ou a C. Valenciana), cifra que ademais caeu un 0,8% en termos interanuais.
- Tal como se comentaba anteriormente, a estadía media do segmento nacional supera á estimada para o viaxeiro estranxeiro. En particular, o primeiro sitúase en 4,31 noites (cun incremento interanual do 2,1%) mentres que o segundo cífrase en 2,38 noites, valor equivalente ao de 2008 e que supón case a metade que o anterior.
- Ao longo do ano 2009 a estadía media tivo un comportamento un tanto dispar. Alternanse meses de subidas (período de maio a agosto, e temporada baixa) con meses de baixadas (marzo-abril e setembro-outubro), sen seguir un patrón estable. Os valores máis altos sitúanse no período estival, concretamente nos meses de xullo, agosto e setembro (con estadias que acadan ou incluso superan as 4 noites). En temporada baixa a estadía media cae a valores iguais ou inferiores a dúas noites.
- A taxa de ocupación media por parcela en Galicia foi do 21,5% durante 2009, cifra que supón un incremento de 1,1 puntos porcentuais respecto do valor de 2008. Este incremento supón un cambio de tendencia respecto do observado nos tres anos anteriores onde se rexistraron caídas consecutivas da taxa de ocupación.


Fig 2. Taxa de ocupación por parcelas en campamentos turísticos de Galicia. Período 2000-09



Fonte: Enquisa de Ocupación en Campamentos Turísticos (INE)

- Tal como se pode observar no gráfico anterior, a taxa media de ocupación por parcela nos cámpings de Galicia mantívose nun intervalo do 20-24% nos últimos dez anos (soamente no ano 2003 se observa un valor inferior, concretamente do 16,8%). Os anos 2005 e 2006 rexistran os niveis máis elevados, cun 23,5% e 23,6%, respectivamente.
- Os valores máis elevados corresponden ao período estival, e concretamente aos meses de xullo e agosto (cando a cifra de ocupación alcanza o 31% e 40%, respectivamente). Fóra desta época a taxa cae a niveis que roldan o 10-15% en practicamente todos os meses do ano (corrobórase, por tanto, a elevada estacionalidade desta tipoloxía de aloxamento).

Fig 3. Taxa de variación interanual da ocupación en campamentos turísticos. Ano 2009



Fonte: Enquisa de Ocupación en Campamentos Turísticos (INE)

- En termos dinámicos, durante 2009 e salvo nos dous primeiros meses do ano obsérvanse incrementos sucesivos (aínda que a taxas diferentes) nas cifras de ocupación mensuais. Así pois, o bo comportamento experimentado polo sector no conxunto do ano é froito dun crecemento case continuado desde o mes de marzo.

### DECEMBRO - 2009

- En decembro de 2009 Galicia rexistrou un total de 466 pernoitas nos cámpings da comunidade, a cifra máis baixa do conxunto do estado pero que medrou en termos interanuais un 7,9%.
- O 73,4% corresponden a viaxeiros de procedencia nacional mentres que a porcentaxe restante son de estranxeiros. Ambos mercados experimentaron un crecemento positivo neste mes.

- A estadía media en decembro foi de 2,1 noites, valor similar á dos dous meses anteriores e que representa un 5,6% máis que o rexistrado en decembro de 2008. No contexto das comunidades autónomas Galicia ostenta a estadía media máis baixa de toda España.
- Finalmente, o grao de ocupación por parcela foi do 10,8%, cifra que tamén neste caso representan o máis baixo de todas as comunidades do estado. O dato positivo reside no leve incremento que supón respecto da cifra rexistrada en decembro de 2008 (en particular, medra 1,1 puntos porcentuais).

# **ENQUISA DE OCUPACIÓN EN TURISMO RURAL**

---

Amósanse a continuación as primeiras valoracións dos resultados da Enquisa de Ocupación en Establecementos de Turismo Rural, do INE, para Galicia correspondentes ao conxunto do ano 2009. De forma complementaria coméntanse tamén aqueles referidos ao mes de decembro. Os datos son provisionais, á espera de que nos vindeiros meses se publiquen os definitivos cun maior nivel de desagregación.

**ANO 2009**
*Tab 1. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e grao de ocupación en turismo rural*

		ESPAÑA		GALICIA	
		Nº	Var. Int.	Nº	Var. Int.
<b>VIAXEIROS</b>	Decembro 09	229.578	-0,75%	11.792	-0,10%
	<b>Ano 2009</b>	<b>2.708.581</b>	<b>2,98%</b>	<b>177.042</b>	<b>8,15%</b>
<b>PERNOITAS</b>	Decembro 09	620.114	1,74%	21.975	-0,15%
	<b>Ano 2009</b>	<b>7.901.742</b>	<b>0,26%</b>	<b>368.234</b>	<b>1,10%</b>
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	Decembro 09	2,70	2,27%	1,86	0,00%
	<b>Ano 2009</b>	<b>2,92</b>	<b>-2,64%</b>	<b>2,08</b>	<b>-6,31%</b>
<b>% OCUPACIÓN</b>	Decembro 09	16,09%	-0,94	11,42%	-0,53
	<b>Ano 2009</b>	<b>16,9%</b>	<b>-1,5</b>	<b>15,2%</b>	<b>-1,2</b>


Fonte: Enquisa de Ocupación en Turismo Rural (INE)

- No pasado ano 2009 rexistráronse en Galicia un total de 177.042 viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural, un 8,2% máis que no ano anterior. Este forte incremento enmárcase nun contexto de subida global a nivel nacional aínda que nunha porcentaxe menor (no conxunto de España o volume de viaxeiros incrementouse nun 3% en termos interanuais). Galicia é a quinta comunidade con maior volume de viaxeiros, detrás de Castela e León (611.289 viaxeiros), Cataluña (329.205), Cantabria (201.042) e Asturias (187.384), e a cuarta con mellor taxa de variación interanual (Asturias e Cantabria lideran as cifras de crecemento a nivel nacional, con taxas do 24% e 13%, respectivamente).
- O volume total de viaxeiros rexistrado no ano 2009 é o máis elevado dos últimos 10 anos, dato positivo pois confirma unha tendencia á alza neste variable ano tras ano mais, como se verá posteriormente, esta circunstancia non se traduce en melloras noutras variables de conxuntura turística. A importancia deste crecemento é maior se observamos o contexto de crise económica xeneralizada no que se inscribe.
- O mes de agosto é no que se rexistra a maior afluencia de viaxeiros en turismo rural de Galicia. En particular, son 35.609 viaxeiros, o 20,1% do total. Se tomamos en consideración o período estival (xullo, agosto e setembro), o volume de viaxeiros ascende

ao 43% do total anual, dato que confirma tamén a notable estacionalidade que presenta este segmento da oferta de aloxamento.

- Logo dun primeiro trimestre con caídas continuadas, o volume de viaxeiros recupera a senda de crecemento e a partir de abril rexistra taxas de variación interanual positivas en practicamente todos os meses do ano (agás novembro).
- Por segmentos de mercado é importante sinalar que o 90% dos viaxeiros son de procedencia nacional mentres que tan só o 10% son estranxeiros. O peso, por tanto, dos españois neste subsector é aínda superior ao que representa noutras tipoloxías de aloxamento. Este último, ademais, experimentou un incremento notable respecto do pasado ano pois o volume de viaxeiros nacionais aumentou nun 9,1%.
- Lugo e A Coruña son, por esta orde, as provincias que rexistran un maior volume de viaxeiros neste ano 2009 (en particular, o 31,0% e 29,0%, respectivamente, isto é, o 60% do total de Galicia).
- O incremento global do volume de viaxeiros traducíuse tamén nun aumento, aínda que en menor proporción, das pernoitas. Rexistráronse en Galicia no 2009 un total de 368.234 pernoitas en turismo rural, un 1,1% máis que no pasado ano 2008. A subida é leve mais significativa no contexto de crise actual.
- No conxunto de España as pernoitas apenas experimentaron variacións significativas, cun incremento moi suave do 0,3% respecto de 2008. Nese contexto Galicia sitúase nunha posición intermedia tanto en volume de pernoitas como en variación interanual.

Fig 1. Volume mensual das pernoitas en turismo rural. Ano 2009



Fonte: Enquisa de Ocupación en Turismo Rural (INE)

- Algo máis da metade das pernoitas rexístranse no período estival, concretamente nos meses de xullo, agosto e setembro (só en agosto xa se concentran un total de 101.856 pernoitas, o 28% do total). O comportamento da variable en termos dinámicos ao longo do ano segue case o mesmo patrón que os viaxeiros: caídas no primeiro trimestre, forte incremento en




abril (debido ao efecto da Semana Santa), e alternancia de subidas e baixadas nos restantes meses.

- A pequena subida das pernoitas coloca o dato de 2009 no segundo mellor dos últimos dez anos (só superado pola cifra de 2007), aspecto positivo que vén a reforzar a tendencia marcada neste período. En practicamente todos os anos se observan incrementos das pernoitas en turismo rural, agás 2005 (polo efecto pos-xacobeo) e 2008 (polo forte impacto dos inicios da crise no sector).
- O peso do turismo nacional refórzase pois o 91% das pernoitas corresponden a españois aloxados en establecementos de turismo rural (segmento de mercado que se incrementou nun 3% neste ano 2009). O 9% restante corresponden aos estranxeiros, segmento que, pola contra, diminuíu a súa presenza neste ano en case un 15%.
- A distribución territorial das pernoitas en Galicia sitúa o maior volume nas provincias de A Coruña (con 115.248, o 31,3% do total) e Pontevedra (con 104.199, o 28,3% do total). Lugo rexistra o 26,5% (porcentaxe inferior que no caso dos viaxeiros) e Ourense o 13,9%. Esta distribución xa permite adiantar as notables diferenzas que, como se verá posteriormente, se observan na estadía media en cada unha das provincias.
- En relación con esta última variable, sinalar que a estadía media nos establecementos de turismo rural de Galicia durante o ano 2009 foi de 2,08 noites, valor que cae nun 6,3% en relación á estadía media de 2008 (o forte incremento dos viaxeiros non se traduciu nun crecemento similar ou superior nas pernoitas). A cifra queda por debaixo da rexistrada no conxunto de España, que foi de 2,9 noites (valor que tamén caeu nun 2,6%), e sitúase como a segunda máis baixa do total de comunidades autónomas (só supera á C. de Madrid).
- A estadía media do ano 2009 é a máis baixa dos últimos anos, aspecto este que resulta bastante negativo, sobre todo tendo en conta que se produce nun contexto de crecemento tanto do número de viaxeiros como das pernoitas.
- En todos os meses do ano, agás Abril, a estadía media cae en termos interanuais. Por tanto, o descenso da estadía media parece responder máis a unha cuestión estrutural que propiamente conxuntural, pois tanto ao longo do ano 2009 como nos últimos cinco anos esta variable está a experimentar descensos case continuados.
- O período estival é a época do ano onde se rexistra unha estadía media superior. O valor máis alto concéntrase en Agosto, cunha media de 2,86 noites.
- A estadía media do viaxeiro nacional supera lixeiramente á do estranxeiro (o primeiro rexistra 2,1 noites mentres que o segundo tan só 1,7 noites). Ambas descendem en relación ao 2008.
- Por último, é importante destacar que a nivel territorial a estadía media en establecementos de turismo rural é superior nas provincias de Pontevedra e A Coruña (con 2,4 e 2,2 noites, respectivamente). Lugo queda, pola contra, coa estadía media máis baixa, de tan só 1,8 noites (sendo, por outro lado, a que rexistra o maior volume de viaxeiros de Galicia).

- O grao de ocupación por prazas en turismo rural de Galicia foi do 15,2%, porcentaxe que se sitúa próxima á media estatal (que foi do 16,9%) pero que cae en algo máis dun punto porcentual en relación ao dato de 2008 (tamén a media española cae en 1,5 puntos porcentuais).

Fig 2. Taxa de ocupación por prazas en estab. de turismo rural de Galicia. Período 2000-09



Fonte: Enquisa de Ocupación en Turismo Rural (INE)

- Do mesmo xeito que acontece coa estadía media, o grao de ocupación por prazas de 2009 é o máis baixo dos últimos dez anos, circunstancia novamente curiosa nun período de crecemento das pernoitas pero que vén a ratificar o desfase continuo que hai entre oferta e demanda de turismo rural en Galicia (maior crecemento das prazas de aloxamento en relación ás pernoitas).

Fig 3. Taxa de ocupación por prazas en estab. de turismo rural de Galicia. Ano 2009



Fonte: Enquisa de Ocupación en Turismo Rural (INE)

- Tal como cabe esperar, Agosto é o mes onde se rexistra o maior nivel de ocupación en turismo rural en Galicia (a porcentaxe foi do 45,8%). No gráfico anterior pódese observar a notable estacionalidade do sector, cun pequena subida en Semana Santa e o grande pico do período estival. En todos os meses do ano, agás Abril e Outubro, a cifra de ocupación cae en relación ao mesmo período de 2008, tendencia que haberá que ver si se mantén nos vindeiros meses.
- Por provincias, o maior nivel de ocupación rexístrase en A Coruña (cun 17,8% de media anual) e curiosamente o máis baixo en Pontevedra (cun 13,9%). En todas as provincias o nivel de ocupación cae en termos interanuais, sendo maior o descenso precisamente en A Coruña (-1,8 puntos porcentuais) e menor en Pontevedra (-0,6 puntos porcentuais).

### **DECEMBRO - 2009**

- A análise conxuntural do comportamento do turismo rural en Galicia no mes de decembro non arroxa datos moi significativos. O volume de viaxeiros e pernoitas apenas variou en relación ao ano anterior, e soamente se observa, curiosamente, un mellor comportamento do segmento estranxeiro (que por terceiro mes consecutivo incrementa tanto os viaxeiros como as pernoitas) a pesar de representar tan só o 5% das pernoitas.
- A estadía media, por tanto, mantívose nos mesmos niveis que en decembro do pasado ano (1,9 noites), valor que se sitúa á cola en relación ao observado para o resto de comunidades autónomas.
- A taxa de ocupación en decembro foi do 11,4%, porcentaxe que cae en -0,5 puntos porcentuais en relación ao mesmo período de 2008 (a media estatal sitúase no 16,1%, porcentaxe que tamén descende nun punto porcentual).

## **BALANCE PEREGRINOS**

---

Este breve informe amosa un primeiro balance da demanda do Camiño de Santiago, isto é, do movemento turístico e perfil dos peregrinos. Os datos obtéñense de dúas fontes de información esencialmente: a ocupación en albergues de peregrinos (facilitada polo Xacobeo, S.A.) e o volume de peregrinos que solicitan a Compostela (facilitado pola Oficina do Peregrino).

## OCUPACIÓN EN ALBERGUES DE PEREGRINOS

*Tab 1. Pernoitas nos albergues de peregrinos*


CAMIÑO	PERNOITAS	
	Nº	Var. Int.
FRANCÉS	226.466	+4,7%
INGLÉS	3.661	+50,3%
NORTE	16.616	+21,8%
PRIMITIVO	11.476	+31,1%
FISTERRA-MUXÍA	21.496	-3,3%
PORTUGUÉS	28.234	+10,0%
VÍA DA PRATA	24.016	+24,1%
<b>TOTAL</b>	<b>331.965</b>	<b>+7,6%</b>

Fonte: Xacobeo, S.A.

- Segundo se observa na táboa anterior, o volume de pernoitas nos albergues de peregrinos situados no Camiño de Santiago ascendeu no pasado ano 2009 a un total de 331.965, cifra que supón un incremento do 7,6% respecto de 2008.
- A subida no volume de pernoitas é unha característica que se observa en practicamente todos os tramos do Camiño de Santiago (agás no de Fisterra-Muxía que descenden nun 3,3%), oscilando as porcentaxes de variación desde o 4,7% no tramo francés a nivel do 50% no inglés (froito dos baixos niveis iniciais).
- O 70% das pernoitas rexístranse no Camiño Francés, circunstancia lóxica pois é onde se localizan a maior parte dos albergues e ademais é o que absorbe o maior volume de peregrinos. O 30% restante repártese nos restantes tramos, destacando neste caso o Camiño Portugués (co 8,5%) e a Vía da Prata (co 7,2%).
- Á marxe do ano 2004, que rexistrou un nivel de pernoitas notablemente elevado (en particular, 735.819), o dato de 2009 vén a ser o segundo mellor dos últimos dez anos (en 2007 tamén se acadaron cifras importantes que superaron as 330.000 pernoitas). Salvo nos anos 2005 (pos-xacobeo) e 2008, que rexistraron descensos en termos interanuais, as

pernoitas en albergues de peregrinos sempre amosaron incrementos importantes. Así pois, en 2009 refórzase esa tendencia ás portas dun novo ano Xacobeo.

Fig 1. Taxa de variación interanual das pernoitas. Ano 2009



Fonte: Xacobeo, S.A.

- O maior volume de pernoitas concéntrase no período estival, concretamente nos meses de xullo e agosto (ambos acumulan algo máis de 120.000 pernoitas, o 36,3% do total). A dinámica da variable segue un comportamento moi estacional: crecemento continuo desde xaneiro (valor máis baixo do ano) ata agosto para logo descender de forma progresiva ata decembro. En todos os meses, ademais, se observan taxas de crecemento interanual en relación ao mesmo período do pasado ano (agás marzo que experimentou unha baixada importante consecuencia da celebración da Semana Santa de 2008 neste mes).
- A estacionalidade das pernoitas é un aspecto que en maior ou menor medida se observa en todos os tramos do Camiño, agás no da Vía da Prata onde curiosamente non se rexistra unha variación tan continua senón que se marca unha diferenza moi importante entre o período abril-outubro (de 2.000 e 4.000 pernoitas) e o resto do ano (onde o nivel máximo non chega ás 500 pernoitas).

## Nº DE PEREGRINOS QUE RECOLLEN A COMPOSTELA

*Tab 2. Nº de Peregrinos que recollen a Compostela*

MESES	2009	Var. Int.
Xaneiro	520	69,93%
Febreiro	681	-3,13%
Marzo	1.808	-66,07%
Abril	10.245	81,17%
Maiο	16.446	2,86%
Xuño	19.316	21,79%
Xullo	26.212	24,88%
Agosto	35.098	17,99%
Setembro	20.465	18,31%
Outubro	11.727	18,68%
Novembro	2.354	2,30%
Decembro	1.005	-7,37%
<b>TOTAL ANUAL</b>	<b>145.877</b>	<b>16,57%</b>

Fonte: Oficina do Peregrino. Archidiócese de Comostela

- A Oficina do Peregrino rexistrou o pasado ano 2009 un total de 145.877 peregrinos, cifra que se incrementou nun 16,6% en relación ao pasado ano 2008. Este comportamento positivo obsérvase ademais en practicamente todos os meses do ano, agás Febreiro-Marzo (consecuencia da celebración da Semana Santa de 2008 neste último mes) e Decembro. Chama a atención o importante incremento que se produce no período estival, momento no que se concentra loxicamente o maior volume de peregrinos (o 42% do total rexístranse só en xullo e agosto).
- O incremento rexistrado no ano 2009 coloca o dato de peregrinos no máis elevado dos últimos anos (exceptuando os propios anos xacobeo). Continua, por tanto, a senda de crecemento que se vén observando case desde o ano 1993 (con picos acentuados en 1993, 1999 e 2004).
- O 54% dos peregrinos son españois (destacando por comunidades aqueles que proveñen de Madrid, Cataluña e Andalucía) mentres que a porcentaxe restante proceden do estranxeiro. Alemaña e Italia son os principais países de orixe.